

BASES do II CERTAME MICROTUATRO DA MEMORÍA organizado polo Servizo de Dinamización da Lingua Galega da ESAD de Galicia, xunto a Deputación de Pontevedra.

O certame consiste na presentación de pezas teatrais curtas, que centren a súa temática arredor da memoria histórica.

O obxectivo principal do certame é reflexionar sobre a historia a través de propostas de carácter escénico en formato breve. Deste xeito, abrimos un espazo para que a dramaturxia visibilice unha temática, ás veces, esquecida.

#### PARTICIPACIÓN

Poderá presentarse calquera persoa que así o desexe.

#### AS PEZAS E O PREMIO.

Pezas curtas en lingua galega, estilo libre, temática sobre a memoria histórica.

Un único premio dotado con 500€.

#### PRAZO E PRESENTACIÓN

O prazo de presentación remata o día 30 de novembro de 2021.

A presentación das pezas é telemática, enviándoas ao correo electrónico [esad.galicia@edu.xunta.gal](mailto:esad.galicia@edu.xunta.gal) dentro do prazo establecido (ata as 24h do 30 de novembro de 2021).

No mail irán dous documentos. Un será a peza co título, sen que conste a autoría da mesma, e o outro a plica onde figuren o título da peza e os datos persoais da autoría (nome e apelidos, DNI, enderezo postal, enderezo electrónico e número de teléfono).

No asunto do mail indicarse "II Certame Microteatro da Memoria 2021".

O tipo de letra Arial tamaño 12 cun interliñado de 1.5.

#### XURADO

O xurado estará conformado pola/o Xefa/e do Servizo de Dinamización da Lingua Galega da ESAD ou persoa en que delegue, unha/un docente da ESAD e unha persoa que designe a Deputación.

#### DIFUSIÓN E DEREITOS DE AUTORÍA.

A ESAD de Galicia disporá da peza gañadora para uso escénico durante o ano seguinte ao desta convocatoria, sempre no ámbito académico e sen prexuízo doutras cesións de uso, se así o decide a autoría.

## PROTECCIÓN DE DATOS

Contémplanse ao abeiro dos regulamentos a ese respecto (Lei Orgánica do 5 de Decembro do 2018 sobre a protección de datos).

A participación no certame supón a total aceptación das bases, así como das decisións e valoracións que poidan adoptar as entidades organizadoras e o xurado.

En Vigo, a 25 de outubro de 2021.

Asdo. Afonso Becerra.

Xefe do Servizo de Dinamización da Lingua Galega

ESAD de Galicia